

TERMOS DEFINIDOS

PUNTO 1. A REVOLUCIÓN AMERICANA

1. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **MOTÍN DO TÉ DE BOSTON** (páxina 34): *Acontecemento que tivo lugar en 1773 no que uns mozos lanzaron ao mar os cargamentos de té que a Compañía das Indias Orientais tiña no porto de Boston en resposta polo imposto sobre este produto e pola concesión do monopolio da súa venda a esa empresa.*

PUNTO 2. AS ORIXES DA REVOLUCIÓN FRANCESA

2. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- b) **ESTADOS XERAIS**: (páxina 36): *Asemblea representativa do reino de Francia durante o Antigo Réxime, na que estaban representados os tres estamentos, nobreza, clero e terceiro estado, que foi convocada antes do estourido da Revolución Francesa para tratar de solucionar os problemas da Facenda de Francia.*
- c) **CADERNOS DE QUEIXAS** (páxina 37): *Documentos que podían elaborar cada un dos tres estamentos que se reunían nos Estados Xerais que foron convocados ao inicio da Revolución Francesa, nos cales se recollían as peticións que os seus representantes ían levar á reunión.*

PUNTO 3. A REVOLUCIÓN FRANCESA (1789-1799)

3. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- d) **ASALTO Á PRISIÓN DA BASTILLA**: (páxina 39): *Acontecemento que tivo lugar o 14 de xullo de 1789 no cal unha revolta popular asaltou unha fortaleza na que se soía encarcerar aos disidentes políticos e que acabou convertendo a este feito no símbolo da Revolución Francesa.*
- e) **DECLARACIÓN DOS DEREITOS DO HOME E DO CIDADÁN** (páxina 39): *Declaración realizada durante a Asemblea Constituínte da Revolución Francesa na que se recoñecían os dereitos naturais do ser humano, a liberdade de pensamento, económica e de relixión, e se consideraba imprescriptible o dereito de propiedade, así como tamén a seguridade e a resistencia á opresión.*
- f) **SANS-CULOTTES** (páxina 40): *Nome que recibían as masas populares de París e outras cidades francesas, que eran denominadas así por usar pantalón en lugar do culotte, que era característico da nobreza, e que se converteron nos elementos máis radicais da Revolución Francesa.*
- g) **XACOBINOS** (páxina 41): *Grupo político que formaba parte da Convención durante a Revolución Francesa e que estaba integrado polos partidarios dunha república democrática e da alianza cos sans-culottes.*
- h) **XIRONDINOS** (páxina 41): *Grupo político que formaba parte da Convención durante a Revolución Francesa e que estaba integrado por revolucionarios moderados.*

- i) **RÉXIME DO TERROR** (páxina 42): *Etapa da Revolución Francesa, durante a época da Convención xacobina ou montañesa na que se ordenaron detencións e execucións en masa coa excusa da ameaza militar no exterior e dos contrarrevolucionarios no interior.*
- j) **DIRECTORIO** (páxina 43): *Última etapa da Revolución Francesa, que debe o seu nome a unha institución de goberno composta por cinco membros sobre a que recaía o poder executivo, na cal se recorreu con frecuencia á forza para impoñer as decisións.*

PUNTO 4. A EUROPA NAPOLEÓNICA (1800-1815)

4. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- k) **BLOQUEO CONTINENTAL** (páxina 44): *Medida decretada por Napoleón para frear a primacía británica nos mares pola cal non permitía que ningún país puidese comerciar con Gran Bretaña.*

PUNTO 5. RESTAURACIÓN E REVOLUCIÓN EN EUROPA (1815-1848)

5. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- l) **CONGRESO DE VIENA** (páxina 46): *Reunión na que participaron os principais países europeos en 1815, tras a derrota da Francia de Napoleón, na cal se estableceu o sistema da Restauración e se deseñou un novo mapa político para Europa.*
- m) **SANTA ALIANZA** (páxina 47): *Coalición que se estableceu durante a época da Restauración, da que formaban parte Rusia, Austria e Prusia e que perseguía o mantemento do absolutismo e a súa defensa fronte á ameaza liberal.*
- n) **NACIONALISMO** (páxina 47): *Ideoloxía xurdida nos territorios que loitaron contra a ocupación das tropas napoleónicas, nos que a cidadanía afirmaba ser unha comunidade formada por persoas unidas por lazos históricos e culturais e esixía o dereito a participar no goberno da súa propia comunidade.*
- o) **LIBERALISMO** (páxina 47): *Ideoloxía que xurdiu en moitos territorios que loitaron contra a ocupación das tropas napoleónicas e nos se coñecían as ideas revolucionarias sobre a soberanía nacional e os dereitos das persoas, nos que as súas xentes xa non se consideraban súbditos, senón cidadáns de pleno dereito, e non admitían á volta á situación de submisión propia da monarquía absoluta do Antigo Réxime.*

PUNTO 6. OS NACIONALISMOS (1848-1871)

6. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- p) **ZOLLVEREIN** (páxina 53): *Nome que recibiu a unión aduaneira que estableceron os Estados alemáns, excepto Austria, en 1834, co obxectivo de fomentar a unidade económica e como un primeiro paso para unha futura unión política.*

PUNTO 7. A AMÉRICA HISPANO-PORTUGUESA NO SÉCULO XIX

7. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- q) **CRIoulos** (páxina 54): *Grupo étnico e social formado por persoas descendentes dos españois, pero nadas en América, que pertencían ás clases medias e altas da sociedade latinoamericana, e que encabezaron o proceso de emancipación das colonias españolas en América.*